



RESOLUCIÓN DA CONCELLEIRA DE GOBERNO RESPONSABLE DO SERVIZO PERSOAL E CULTURA, POLA QUE SE APROBA O NOMEAMENTO DE PERSOAL AUXILIAR E ASESOR DO TRIBUNAL DO PROCESO SELECTIVO CONVOCADO PARA A PROVISIÓN, MEDIANTE OPOSICIÓN LIBRE, DE DÚAS PRAZAS DE BOMBEIRO/A - CONDUCTOR/A INCLUÍDAS NA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2019, PARA O SEGUNDO EXERCICIO, CONSISTENTE NA REALIZACIÓN DE APTITUDE FÍSICA.

Consonte á base 8ª das bases xerais que rexen a convocatoria do proceso selectivo convocado para a provisión, mediante oposición libre, de dúas prazas de bombeiro/a-conductor/a da administración especial, incluídas na oferta de emprego público do ano 2019, publicadas no BOP núm. 50 do 12 de marzo de 2020, o tribunal cualificador, por medio da súa Presidenta, poderá dispor a incorporación aos seus traballos de asesores especialistas para as probas cos labores que estime pertinentes, limitándose estes a prestar colaboración e as súas especialidades técnicas. Así mesmo o tribunal poderá valerse de persoal auxiliar durante o desenvolvemento material dos exercicios.

Para un mellor desenvolvemento na realización do segundo exercicio de aptitude física, o tribunal acordou a incorporación de persoal asesor para a colaboración no desenvolvemento deste exercicio.

Á vista do anterior esta concellería de goberno, no exercicio das súas atribucións delegadas,

## **RESOLVE**

**Primeiro.**- Designar en calidade de membro asesor do tribunal para o segundo exercicio sobre as probas de aptitude física a don Santiago Ferrer Moreira, Técnico da Sociedade Gimnástica de Pontevedra.

**Segundo.**- Publicar a presente resolución no taboleiro de anuncios do Concello de Pontevedra para xeral coñecemento e efectos e, de forma complementaria, na Sede Electrónica do Concello de Pontevedra (sede.pontevedra.gal).

Así o ordena e dispón a concelleira de goberno responsable da Área de Persoal e Cultura, no exercicio das súas atribucións delegadas, en Pontevedra, na data da sinatura electrónica, do que eu, Secretario da administración municipal, dou fe.

